



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de decembro de 2020 (911/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de decembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1020).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de novembro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1021).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA FAVOR DE “CLECE, S.A.” POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PERÍODO 19.10.2020 – 31.10.2020. EXPTE. 210486/301.

Visto o informe xurídico do 25/11/2020 e Informe de fiscalización do 27/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/11/2020, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política de Benestar e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O Concello de Vigo ven prestando o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) a través dun contrato de servizos coa empresa “Clece, S.A.”, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo o 29.09.2016 por un prezo de 18.079.556,53 € (IVE incl.) e un prezo/hora

de asistencia domiciliar de 14,07€, (IVE incl) (Exp. Nº 121.736/301), formalizado en documento administrativo asinado entre as partes o 19.10.2016.

II. O prazo inicial deste contrato era de catro (4) anos, comezando a prestación do servizo o 19.10.2016, podendo ser obxecto de dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha mediante acordo expreso do órgano de contratación.

III. O 6.11.2019 tivo entrada no Rexistro xeral municipal escrito asinado por D. José Vicente Ortega Rey, director de operacións de "Clece, S.A." (Doc. nº 190173797) no que comunicaba a decisión do contratista de renunciar a prórroga do actual contrato alegando razóns de índole puramente económico.

IV. Con data 06/04/2020, no medio da situación de grave crise sanitaria e social provocada polo COVID-19, procedeuse a iniciar un novo procedemento de contratación do SAF, solicitando ao departamento de contratación a máxima axilidade posible na tramitación administrativa deste procedemento de contratación (Exp. Nº 197921/301) ao considerarse os servizos sociais, en conxunto, servizos esenciais e, aínda máis esencial se cabe, o Servizo de Axuda no Fogar, por tratarse dun servizo básico para as persoas usuarias, maioritariamente dependentes.

V. Así, tendo en conta a celeridade na tramitación do procedemento, en data 24 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adxudicar a SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar.

VI. No obstante, en data 14 de outubro de 2020, D. Alberto Dominguez Crispín, en nome da mercantil, CLECE, S.A. (en adiante, CLECE ou o recorrente), mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de setembro de 2020 de adxudicación do contrato que nos ocupa.

Finalmente con data 13/11/2020 presentase, no Rexistro xeral do Concello de Vigo a Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación desestimando o mencionado recurso e procedendo a levantar a suspensión automática producida por efecto do artigo 53 LCSP.

VII. O retraso producido pola presentación do recurso e a súa resolución non permitiu iniciar a prestación do novo contrato na data prevista (19.10.2020) e a sinatura do novo contrato estase a demorar, polo que desde a Concellería de Política de Benestar Social propúxose a "CLECE, S.A." o mantemento da prestación do servizo durante o periodo de tempo imprescindible que medie entre o remate do actual e o inicio da execución do novo contrato que o substitúa.

O 25.09.2020 a empresa comunicou que estaba disposta a garantir a continuidade do servizo, ata a sinatura do novo contrato, sempre que se lles aboase o prezo máis baixo dos presentados no procedemento aberto para a contratación do SAF en Vigo (16,69€/h).



Concello de Vigo

VIII. O período de realización do gasto sen cobertura contractual comezou o 19 de outubro de 2020 e remata o 30 de novembro de 2020 xa que a data de inicio da prestación do servizo que figura no contrato é o 1 de decembro de 2020.

Neste momento, Clece, S.A. xa presentou as tres primeiras facturas correspondentes ao primeiro período que vai dende o 19/10/2020 ao 31/10/2020:

- Factura 78154000006020F, do SAF-Dependencia, por importe de 227.762,34€.
- Factura 78154000005820F, do SAF-Libre concorrencia, por importe de 30.458,73€.
- Factura 78154000005920F, do SAF-Horas extraord. Covid-19, por importe de 18.106.65€

Estas facturas aplican xa o prezo/hora da nova adxudicación (16,69€/h), o que se considera axeitado, xa que foi o prezo máis barato dos ofertados. Ademais, de terse formalizado en prazo o novo contrato, ese sería o custo a pagar polo servizo naquel período de tempo.

O importe total destas facturas é de 276.327,72 €, ao que se da conformidade, existindo crédito suficiente na RC 202000036527 e aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 ("*Pres-tación servizo de axuda no fogar*"), sen que afecte ás necesidades de gasto a imputar a esa aplicación durante o presente ano.

PROPOSTA

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, unha vez emitidos os co-rrespondentes informes xurídicos e de fiscalización, a adopción do seguinte ACORDO:

«Aprobar o aboamento, mediante indemnización substitutiva, de 276.327,72€ a favor de "CLECE, S.A." pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar no período

19.10.2020 – 31.10.2020 con cargo ao RC 202000036527 e aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01, correspondente ás seguintes facturas:

- Factura 78154000006020F, do SAF-Dependencia, por importe de 227.762,34€.
- Factura 78154000005820F, do SAF-Libre concorrencia, por importe de 30.458,73€.
- Factura 78154000005920F, do SAF-Horas extraord. Covid-19, por importe de 18.106.65€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1022).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RELACIÓN COAS SUBVENCIONS DE BONO-TAXI 2020. EXPTE. 203253/301.

Dáse conta d o informe-proposta do 26/11/2020, asinado pola traballadora Social, a xefa do Servizo de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura, o xefe de Área e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 28.05.2020 aprobáronse as Bases e a convocatoria de «SUBVENCIONS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020», elaboradas polo Servizo de Benestar Social (Exp. nº 199226/301).

I.2. As Bases deste Programa de subvencións foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 105 do 03.06.2020.

I.3. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 112, do 12.06.2020, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 112 solicitudes que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos. A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.4. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta (Acta do 18.08.2020) coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas (99) e as denegadas (13), indicando neste último suposto a causa da denegación. Así, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 02.10.2020, acordou:

- *«PRIMEIRO.- Conceder as subvencións de bono-taxi 2020 ás 99 persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de usuarias deste Programa. Relaciónanse no Anexo I, que comenza pola persoa con DNI/NIE/Pasaporte nº ***5706**, cunha renda per cápita mensual de 67,24€ e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pasaporte nº ***6499**, cunha renda per cápita mensual de 1.331,33€.*

O gasto total (19.700,00€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.11 (“Subvención bono-taxis discapacitados”). RC-202000032451.

- *SEGUNDO.- Desestimar as solicitudes de subvención que se relacionan no Anexo II, que comeza pola persoa con DNI/NIE/Pasaporte nº ***9000** e finaliza coa persoa con DNI/NIE/Pasaporte nº ***9399**, reseñándose en cada caso o motivo concreto da súa desestimación...».*

I.5. Nese Anexo II (“Solicitudes desestimadas 2020”) figuraba, co número 13, a solicitude de D^a. M^a Pilar Vázquez López, por estar presentada fóra de prazo.

I.6. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 02.11.2020 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 200199440) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN solicitando a revisión do acordado sobre a súa solicitude de subvención.



Concello de Vigo

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- TRLRFL (RDLEX. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020».
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 115.2 da LPACAP, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne

ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2. Así as cousas, o recurso potestativo de reposición presentado por D^a. M^a Pilar Vázquez López diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 02.10.2020.

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se modifique a resolución impugnada.

III.4. De acordo co disposto no Art. 124.2 LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de ditar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Vázquez, que propoñemos DESESTIMAR toda vez que, revisado de novo o expediente de referencia, confirmouse que a súa solicitude foi presentada fóra do prazo establecido para o efecto, que era de 20 días naturais (Base Oitava), contado desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 112, do 12.06.2020. Así pois, o último día hábil para presentar as solicitudes de bono-taxi foi o 02.07.2020 e a da Sra. Vázquez tivo entrada no Rexistro xeral municipal o 07.07.2020, como así consta nos trámites núms. 2 e 3 do Exp. n.º 203253/301.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 112-120 e 123-124 da LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar o recurso potestativo de reposición presentado por D^a. M^a Pilar Vázquez López (DNI/NIE/Pasaporte nº ****9399*) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 02.10.2020, confirmando que a súa solicitude de data 07.07.2020 foi presentada fóra do prazo establecido para o efecto no extracto da convocatoria das «BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE – ANO 2020» (BOP nº 112, do 12.06.2020); prazo que rematara o 02.07.2020.

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 125 da LPACAP, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».



Concello de Vigo

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1023).- MODIFICACIÓN DO ACORDO ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR “S. XOSÉ” DE VIGO, PARA DISPOSITIVO PSF(PERSOAS SEN FOGAR) – COVID-19. EXPTE. 199138/301.

Visto o informe de fiscalización do 30/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 17/11/2020, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á xefatura e pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A XGL, na súa sesión ordinaria do 28.05.2020, aprobou o documento no que se formalizaba o «ACORDO ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR “S. XOSÉ” DE VIGO» (Exp. nº 199138/301).

I.2. En virtude dese acordo , o Bispado da Diocese de Tui-Vigo autorizaba ó Concello de Vigo para que, nas condicións que no mesmo se relacionaban, por parte da Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social se procedese a habilitar de xeito provisional parte das instalacións do Seminario Maior “S. Xosé” de Vigo (16 cuartos con baño individual na planta 3ª e servizos de cafetería e sala de estar na planta 2ª) como dispositivo adicado especificamente á atención das Persoas Sen Fogar (PSF) con síntomas ou con positivo confirmado por COVID-19.

I.3. Afortunadamente non foi necesaria naquela altura a utilización desas instalacións. Con todo, o empeoramento da situación derivada da pandemia da COVID-19 que se está a experimentar durante este outono, fai que volva ser necesario contar con ese dispositivo para o mesmo fin inicialmente previsto, sen prexuízo de que, en función das necesidades que se presenten, poidan habilitarse outros espazos.

I.4. Sucede que, de acordo coas necesidades actuais do Seminario Maior “S. Xosé” de Vigo, expresadas na comunicación da Vicaría de Asuntos económicos da Diocese de Tui-Vigo do 13.11.2020, non sería posible neste momento a utilización da sala da estar no andar 2º, pero sí continuarían estando dispoñibles aqueles 16 cuartos con baño individual no andar 3º e a “cafetería” do 2º andar, polo que o acordo acadado entre as partes no mes de maio, con esta única modificación non substancial, seguiría a ser plenamente operativo.

II. INFORME

II.1. Tal como se recollía no texto do «ACORDO ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR “S. XOSÉ” DE VIGO» este dispositivo de aloxamento

temporal estaría atendido polo persoal de servizos sociais de «Cruz Vermella» contratado polo Concello de Vigo e convenientemente dotado dos materiais de protección indicados (EPIs homologados) e, de ser o caso, polo persoal sanitario que as autoridades adscriban para o seguimento da evolución destes pacientes.

II.2. As condicións da cesión de uso temporal desas instalación son, coa excepción indicada referida ó uso da sala de estar no 2º andar, as mesmas que figuran no documento aprobado e suscrito polas partes.

II.3. Lémbrese tamén que a cesión de uso temporal derivada dese Acordo entre a Diócese de Tui-Vigo e o Concello de Vigo é gratuita (Exponendo II) e sen cargas. O Concello asumiría unicamente os gastos derivados do normal funcionamento deste dispositivo (persoal de atención social, limpeza, desinfección, subministrados, mantemento ordinario, etc.). Sería tamén por conta do Concello a subministración de alimentos, colchóns, sabas, mantas e demais roupa de fogar, kits con material de aseo e hixiene e, en xeral, todo o necesario para a atención das necesidades básicas que poidan precisar as persoas usuarias durante a súa estancia.

II.4. Este Expediente nº 199138/301 xa foi fiscalizado favorablemente o 25.05.2020 polo Interventor xeral municipal nos seguintes termos:

«Polo exposto, xa que a cesión de uso é temporal e prodúcese libre de cargas, gravames e ocupantes, e non conleva a obriga de satisfacer renda ou contraprestación algunha, esta intervención informa favorablemente a cesión gratuita de uso a prol do Concello de Vigo dos cuartos da 3ª planta da ala noroeste do seminario maior “S. Xosé” de Vigo» para habilitar de xeito provisional parte das súas instalacións (16 cuartos con baño individual na planta 3ª e servizos de cafetería e sala de estar na planta 2ª) como dispositivo adicado especificamente á atención das Persoas Sen Fogar con síntomas ou con positivo confirmado por COVID-19».

II.5. En calquera caso, os gastos resultantes da xestión deste dispositivo social serán realizados con cargo ás aplicacións orzamentarias dispostas especificamente para atender os gastos extraordinarios e urxentes derivados da atención social municipal ás persoas vulnerables e/ou en situación ou risco de exclusión social a causa da pandemia do COVID-19 (Exp. nº 198201/301 – Exp. nº 199277/301) e deberán ser obxecto no seu momento da oportuna fiscalización previa.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, por proposta da Concellería delegada de Política de Benestar Social, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Modificar o «ACORDO ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR “S. XOSÉ” DE VIGO», aprobado na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28.05.2020, para habilitar de xeito provisional parte das súas instalacións



Concello de Vigo

como dispositivo adicado especificamente á atención das Persoas Sen Fogar con síntomas ou con positivo confirmado por COVID-19, aceptando a limitación desa cesión ós 16 cuartos con baño individual do andar 3º, excluindo polo tanto da mesma a sala de estar do seu 2º andar.

SEGUNDO.- Prestar conformidade ó documento modificado no que se reflicte dita excepción e ratificar todos os demais acordos, compromisos e condicións contidas no clausulado do Acordo suscrito polas partes.

TERCEIRO.- Remitir copia do presente acordo e do documento modificado á Diocese de Tui-Vigo e ó Reitorado do Seminario Maior "S. Xosé" para o seu coñecemento, sinatura e demais efectos.

CUARTO.- Dar traslado deste Acordo á Dirección xeral de Inclusión social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, reiterándolle a necesidade de que se realice o seguimento sanitario que proceda das persoas acollidas nel».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ACORDO

ENTRE O BISPADO DE TUI-VIGO E O CONCELLO DE VIGO

PARA A CESIÓN DO USO DOS CUARTOS DA 3ª PLANTA DA ALA NOROESTE DO SEMINARIO MAIOR "S. XOSÉ" DE VIGO.

En Vigo, o de 2020

Dunha parte, D. JUAN DIZ MIGUÉLEZ, con DNI 36.067.887-T, en calidade de rector do Seminario Maior "San Xosé" de Vigo, actuando en nome e representación da DIOCESE DE TUI-VIGO, con CIF: R3600056J e domicilio fiscal en r/Dr. Corbal, 90 – 36207-Vigo.

Doutra parte, D./Dª Yolanda Mª Aguiar Castro, con DNI 36.076.445-W, en calidade de Concelleira delegada de Política de Benestar Social, actuando en nome e representación do Concello de Vigo, con CIF P3605700H e domicilio en Praza do Rei nº 1 – 36202 -Vigo.

Ambas partes recoñécense con capacidade para obrigarse e subscribir o presente acordo de cesión de uso e para tal efecto,

EXPOÑEN

I. O Bispado de Tui-Vigo é titular do inmovible Seminario Maior "San Xosé" de Vigo, situado na Estrada de Madrid, nº 8, 36214 – Vigo.

II. O Concello de Vigo, no contexto da actual situación de crise sanitaria causada polo coronavirus COVID-19 vese na necesidade de facer uso, con carácter excepcional, dos 16 cuartos/habitacións da 3ª planta da Ala Noroeste do inmovible obxecto de cesión para realoxar a aquelas persoas que non teñen domicilio onde residir e que se visen afectadas polo COVID-19

aínda que sen síntomas ou con síntomas pero sen necesidade de hospitalización. Sería aquí onde pasasen a súa corentena, coa asistencia dos Servizos sociais e sanitarios.

Con estes antecedentes, AS PARTES, formalizan o presente ACORDO DE CESIÓN DE USO, a título gratuito, da 3ª planta da Ala Noroeste do Seminario Maior “San Xosé” de Vigo, inmovble situado na Avda. de Madrid, s/n, desta cidade de Vigo, e coa zona de entrada diferenciada e escaleiras que dan acceso a esa planta así como o cuarto denominado “cafetería” situado no 2º andar.

Polo que se expuxo, acordan subscribir o presente acordo de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- A cesión de uso do Seminario Maior “San Xosé” de Vigo abarca as seguintes instalacións: entrada privada no extremo da Ala noroeste, “cafetería” no 2º andar e 16 habitacións individuais, con baño individual no seu interior, todas elas no 3º andar da Ala Noroeste do edificio.

Segunda.- A cesión de uso da 3ª planta da Ala Noroeste do Seminario Maior “San Xosé” de Vigo e as súas instalacións xa referidas, será efectiva dende o día da sinatura do presente documento de cesión de uso, non abandonando o cesionario o inmovble cedido mentres sexa necesario o seu uso pola situación de emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19.

Terceira.- Durante a vixencia do acordo de cesión, a 3ª planta da Ala Noroeste do Seminario Maior “San Xosé” de Vigo, será de uso exclusivo do Concello de Vigo, quen se compromete a non arrendar, traspasar ou ceder, sequera temporalmente nin a título precario, a terceiras persoas o dereito de uso.

O Concello de Vigo recibe as instalacións en perfecto estado de uso, obrigándose a mantelas en idéntica situación, debendo solicitar autorización ao Bispado de Tui-Vigo, no seu caso, para a realización de calquera tipo de reforma ou actuación, reformas ou actuacións que deben ser aprobadas polo Bispado de Tui-Vigo.

Con anterioridade ou no momento de inicio da cesión ó Concello de Vigo, éste revisará a través do seu personal o estado das instalacións, en presenza dun representante debidamente apoderado do Bispado, aceptándoas, e quedando emprazados a devolvelas nas mesmas condicións.

Cuarta.- O Concello de Vigo comprométese a abonar ao Bispado os gastos ocasionados polo uso e subministros, e daqueles que puideran derivarse para o Bispado de Tui-Vigo da cesión e que teñan orixe na mesma. Os gastos serán abonados previa acreditación mediante a presentación das correspondentes facturas.

Quinta.- A responsabilidade polos actos ou actividades que se desenvolvan no inmovble cuxo uso se cede corresponderánlle ó Concello de Vigo, incluíndo os danos que se poidan derivar directa ou indirectamente da cesión, eximindo de toda responsabilidade ao Bispado de Tui-Vigo.

Sexta.- A cesión de uso do inmovble extinguirase polas seguintes causas:

- a) O acordo unánime das partes.
- b) O incumprimento das abrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.



Concello de Vigo

- d) En todo caso, cando finalice a causa que deu lugar a súa formalización, isto é, a finalización da situación de emerxencia sanitaria causada polo coronavirus COVID-19, ao tratarse dunha medida excepcional adoptada para a xestión da situación de crise sanitaria actual.

Sétima.- A extinción por calquera causa da cesión de uso da parte descrita do inmovible producirá a súa reversión ao Bispado de Tui-Vigo no mesmo estado que no momento da cesión, asumindo o Concello os gastos que conleve a reversión das instalacións ao seu estado orixinario, a non ser que a Cedente consinta, por escrito, que queden tal como as tiña dispostas o Concello.

Cando finalice a cesión, e en todo caso no prazo máximo de 10 días dende a finalización da mesma, o Concello procederá á limpeza e desinfección das instalacións cedidas, e a través do seu persoal, levantará a correspondente acta de entrega en presenza dun representante debidamente apoderado do Bispado de Tui-Vigo, no que se indicará o estado xeral do inmovible, e no seu caso, os danos e prexuízos de calquera clase para os efectos da súa reparación ou indemnización pola Cesionaria, sempre que aqueles fosen imputables ao incumprimento das obrigas establecidas no presente Acordo.

Oitava.- As cuestións litixiosas que poidan xurdir durante a aplicación do acordo resolveranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, ambas partes asinan por triplicado exemplar o presente Acordo de cesión de uso, no lugar e na data indicada no encabezamento.

5(1024).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 19710/333.

Visto o informe de fiscalización do 30/11/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/11/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo” (19.710-333)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo” (19.710-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria da contratación para a produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 13 de xullo de 2020.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do servizo de Contratación con data 03 de setembro de 2020.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe máximo de 27.738,42€ sen iva, e un importe correspondente o iva (21%) de 5.825,07 € o cal totaliza un importe de 33.563,49 € con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2020	6.934,61 €	1.456,27 €	8.390,87 €
2021	20.803,82 €	4.368,80 €	25.172,62 €
Totais	27.738,42 €	5.825,07 €	33.563,49 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	226.09.01	Organización de actividades deportivas
------	-----------	--

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.



Concello de Vigo

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo” (19.710-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L.	80,00
2	TEAM RELAY, S.L.	75,13

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a documentación que deseguido se relaciona, ao non estar inscrito nun rexistro de contratistas:

- *Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8.5 e 22.1.4º do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 e no apartado 9B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., o día 4 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida 13 de novembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación revisou a documentación presentada na sesión do 19 de novembro de 2020 e acordou conceder un prazo de 3 días ao licitador para que puidese emendala.

O 25 e 26 de novembro, o licitador presentou documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis a través de fórmula de datas 20 e 27 de outubro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo” (19.710-333) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 33.563,49 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.825,07 euros, cunha porcentaxe de desconto único do 30% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP con excepción do previsto no nº1 da táboa (custos salariais).*
- *Incrementa a experiencia mínima do responsable de coordinación esixida no punto 5.F do Anexo I -FEC- (2 anos) en 12 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

6(1025).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/2020. EXPTE. 16940/77.

Visto o informe de fiscalización do 30/11/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 27/11/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º. Aprobar o expediente de contratación (77) por procedemento aberto simplificado do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 17 de agosto de 2020, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 18 de agosto de 2020, que rexerán a contratación do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 .

3º.- Aprobar o gasto de 21.300,00 € para a contratación do SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO 2019/20 , con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279918 “FORMACIÓN PIE CONCELLO 19/20”, do vixente orzamento do concello de vigo do ano 2020.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) na seguinte orde descendente:

- Lote I: ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00
2	ASOCIACION EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE MERCANCÍAS POR CARRETERA (APETAMP-COR)	40,93

- Lote II: ACCIÓNS FORMATIVAS MODALIDADE TELEFORMACIÓN

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00

- Lote III: CARRETILLERO

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FOROX INNOVACIÓN, S.L.	74,00

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos tres lotes deste procedemento, FOROX INNOVACIÓN, S.L. (B-27.742.014), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público:*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica e da habilitación profesional esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais aos cales se comprometeu na súa oferta, conforme ao modelo incluído no Anexo II”.*



Concello de Vigo

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FOROX INNOVACIÓN, S.L., o día 5 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida 16 de novembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación revisou a documentación presentada na sesión do 19 de novembro de 2020 e acordou conceder un prazo de 3 días para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica.

O 25 e 26 de novembro, o licitador presentou documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos 3 lotes, FOROX INNOVACIÓN, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FOROX INNOVACIÓN, S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmulas de datas 16 de 29 de outubro de 2020, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a FOROX INNOVACIÓN, S.L. (B-27.742.014) os 3 lotes do procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación específica do programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019/20 (16.940-77) coas seguintes condicións:

- Lote I: ACTIVIDADES AUXILIARES DE ALMACÉN (COML0110)

- O prezo total do lote é de 15.750,00 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de redución do 20% a aplicar ao prezo unitario para actividades auxiliares de almacén previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos de 2 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas actividades auxiliares de almacén.*

- Lote II: ACCIÓNS FORMATIVAS MODALIDADE TELEFORMACIÓN

- O prezo total do lote é de 2.850 euros (exento de IVE) cunha porcentaxe de redución do 2,63% a aplicar aos prezos unitarios para accións formativas modalidade teleformación previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten realizado nos últimos tres anos de 2 cursos de mais de 20 horas relacionado coas accións formativas modalidade teleformación.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos:*
 - 5 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas accións formativas modalidade teleformación.*
 - 1 ano de experiencia profesional en ocupacións relacionadas coas accións formativas modalidade teleformación.*

- Lote III: CARRETILLERO

- O prezo total do lote é de 2.700,00 euros cunha porcentaxe de redución do 3,7% a aplicar ao prezo unitario para as accións formativas de manexo de medios mecánicos (carretilleiro) previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC-.*
- Acredita que o persoal adscrito á execución do contrato ten unha experiencia nos últimos cinco anos de 5 anos de experiencia docente en ocupacións relacionadas coas accións formativas de manexo de medios mecánicos (carretilleiro).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1026).- DOAZÓN POLA FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA DE ESCOLA INFANTIL NO CAMIÑO DO AREIRO (BEMBRIVE) E DOAZÓN DO MOBILIARIO E DO EQUIPAMENTO DA ESCOLA. EXPTE. 1472/110.

Visto o informe de fiscalización do 26/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 26/11/2020 asinado polo instrutor do expediente (secretario xeral do Pleno) e polo concelleiro-delegado de Distritos, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

Cód. Civil. Código Civil.

LCSP. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

RB. Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Antecedentes.

En data 28.12.2017 a Xunta de Goberno Local aprobou convenio de colaboración coa Fundación Amancio Ortega, FAO, CIF G-15797277, para a construción pola Fundación dunha Escola Infantil de 6 unidades de nenos de 0 a 3 anos e para un máximo de 82 prazas así como para dotación inicial do mobiliario e material didáctico.

Segundo o Convenio a FAO comprometéase, por se mesma ou por terceiros, á redacción do proxecto técnico construtivo, á construción da Escola e a prover a esta dunha dotación inicial; pola a súa parte o Concello comprometéase a poñer a disposición (cesión temporal) a favor da FAO unha parcela de titularidade municipal de 3.542,00 m² localizada no camiño do Areiro (Bembrive).

En data 8.01.2018 asíñouse o Convenio.

En data 5.04.2018 a Xunta de Goberno Local acordou a posta a disposición (cesión temporal) en favor da FAO da parcela mencionada.

En data 30.01.2019 a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante Resolución, outorga licenza urbanística para a construción da Escola. (Expdte. 98053/421)

En data 6.10.2020, mediante Resolución, a Vicepresidencia da XMU acorda, "Outorgar á Fundación Amancio Ortega (G15797277) licenza de primeira ocupación da edificación situada en Areiro, referencia catastral 54057A10200165 para destinar a centro de educación infantil. O centro configúrase de 6 unidades, dúas de 0-1 anos, dúas de 1-2 anos e dúas de 2-3 anos, para un total de 82 alumnos, e componse dunha pranta e cunha superficie total que conta cunha área de atención temprana para idades de 0 a 6 anos, un centro de educación especial para idades de 3 a 21 anos e unha área de rehabilitación en pranta baixa e cunha superficie construída de 1141,98 m². Executáronse as obras de

urbanización de 1934,00m2 de terreo". (Expdte. 105524/421).

En data 20.11.2020 a FAO remite o Concello correo electrónico coa seguinte documentación:

- (i) acta de notificación o promotor do fin da obra executada.
- (ii) certificado final de obra emitido pola Dirección de execución da obra (arquitecto técnico) e pola Dirección de obra (arquitecta) visado polos correspondientes colexios oficiais.
- (iii) listado de equipamento xeral (mobiliario).
- (iv) listado do equipamiento (material didáctico).

En data 25.11.2020 o Servizo de Educación emite informe facendo constar que o mobiliario e o equipamento didáctico previsto e apto e suficiente para os fins pretendidos. (Doc: 200250393)

En data 23.10.2017 o concelleiro delegado de Distritos e Participación Cidadá ditou Resolución nomeando instrutor do Expediente (Convenio colaboración FAO) ao secretario xeral do Pleno; en virtude de tales funcións emítense o seguinte,

INFORME – PROPOSTA

I. Se teñen cumpridos os prazos de execución de obra previstos no Convenio.

II. O Convenio, Cláusula Segunda c), sinala, "Rematada a construción, a FAO reintegrará ó patrimonio do Concello a posesión da parcela é doará a Escola nela realizada e o equipamento inicial de mobiliario e material didáctico. A partir de tal data, na que se asinará a correspondente Acta de Recepción, corresponderá ao Concello a posta en funcionamento da dotación educativa, así como o seu mantemento e conservación".

III. Sen prexuízo da recuperación da posesión da parcela cabe entender que mais aló da propiedade por accesión, artigo 353 Cód. Civil, o posuidor de boa fé da parcela posta a súa disposición no seu día -Fundación Amancio Ortega- é o titular dos frutos industriais xurdidos nela (a construción por el realizada), artigo 452 Cód. Civil.

A doazón é un acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta, artigo 618 Cód. Civil.

A adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, artigo 12.1. R.B. Procede aceptar as doazóns da edificación construída (Escola) e do mobiliario e o material didáctico. As doazóns non supoñen condición ou modalidade onerosa, artigo 12.2. R.B.; a condición de destinar a edificación e o material doado aos fins de servizo público que lles son propios non é unha condición onerosa.

Para que sexa válida a doazón de cosa inmovible a doazón ha de facerse en escritura pública expresando nela o ben doado e o valor das cargas que satifaga o donatario, artigo 633 Cod. Civil.

Os contratos de doazóns de bens mobles poden realizarse verbalmente ou por escrito; a verbal require a entrega simultánea da cosa doada, faltando este requisito non xurde efecto



Concello de Vigo

se non se realiza por escrito e consta, tamén por escrito, a aceptación, artigo 632 Código Civil.

IV. O Convenio contempla a subscripción de “Acta de Recepción”, procede, sen prexuízo da formalización das doazóns en escritura pública, o cumprimento da formalidade pactada segundo modelo que consta no Anexo.

En virtude do exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa consideración de órgano de contratación, Disposición adicional segunda 11. LCSP, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Entender concluída a posta a disposición de terreos acordada en sesión da Xunta de Goberno Local de data 5.04.2018.

Segundo. Recuperar a posesión da parcela de titularidade municipal de 3.542,00 m² localizada no camiño do Areeiro s/n (Bembrive), referencia catastral 54057A10200165, o concluír os traballos de construción da Escola Infantil Municipal realizados pola Fundación Amancio Ortega en virtude do Convenio de Colaboración suscrito en data 8.01.2019.

Terceiro. Aceptar a doazón que realiza a Fundación Amancio Ortega respecto do edificación (Escola Infantil Municipal) existente en parcela de titularidade municipal localizada no camiño Areeiro s/n, Bembrive, Vigo, referencia catastral 54057A10200165, para o seu destino a centro de educación infantil.

O centro configúrase de 6 unidades, dúas de 0-1 anos, dúas de 1-2 anos e dúas de 2-3 anos, para un total de 82 alumnos.

Cuarto. Recibir materialmente a edificación (Escola Infantil) procedendo, sen prexuízo da formalización da doazón en escritura pública, a subscripción da Acta de Recepción mencionada no Convenio de colaboración.

Quinto. Aceptar a doazón que realiza a Fundación Amancio Ortega respecto do equipamento inicial de mobiliario e material didáctico destinado á Escola Infantil Municipal do Camiño Areeiro s/n, en Bembrive, Vigo segundo relacións de bens [listados] que constan no Expediente.

Sexto. Dar traslado do presente acordo o Servizo de Patrimonio o obxecto da realización dos trámites de formalización da doazón do ben inmovible en escritura pública e obxecto de integrar a edificación (Escola Infantil) no patrimonio do Concello procedendo a súa alta no Inventario Municipal de Bens.

Sétimo. Dar traslado deste acordo á Concellería de Educación o fin da xestión da posta en funcionamento da dotación educativa, Escola Infantil, debendo dar conta singularizada a esta Xunta de Goberno Local do inicio da actividade.

Oitavo. Notificar o presente acordo á Fundación Amancio Ortega.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

ACTA DE ENTREGA E RECEPCIÓN

Na Casa consistorial do Excmo. Concello de Vigo, a X de decembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, don José Arnau Sierra, vicepresidente segundo do Padroado da Fundación Amancio Ortega, con DNI nº 33.831.435 E, en nome e representación da Fundación constituída en escritura pública outorgada na Coruña con data de 10 de xullo de 2001; clasificada como Fundación mixta por Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG núm. 176, do 11 de setembro) e declarada de interese galego por Orde do 12 de setembro de 2001 (DOG núm. 186, do 25 de outubro). CIG G-15797277

Doutra, don Abel Ramón Caballero Álvarez, en representación do Concello de Vigo na súa condición de alcalde conforme o disposto no artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; facultado para este acto mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data XX de decembro de 2020. O asiste o secretario xeral do Pleno, José Riesgo Boluda.

As partes, no nome e representación no que concorren, recoñecendo capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN

a) Con data de 8 de xaneiro de 2018 a Fundación Amancio Ortega (en adiante a FAO) e o Concello de Vigo (en adiante o Concello) asinaron Convenio no que se acordou a definición do marco de colaboración entre a FAO e o Concello para a construción dunha Escola Infantil da rede pública de Escolas Infantís 0-3 anos xestionadas polo Concello de Vigo.

b) Os fins previstos o Concello acordou, en sesión da Xunta de Goberno Local de data 5 de abril de 2018, a posta a disposición (cesión temporal) en favor da FAO dunha parcela de titularidade municipal de 3.542,00 m² localizada no camiño Areeiro s/n, Bembrive, Vigo.

c) En data 30.01.2019 a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, mediante Resolución, outorgou licenza urbanística para a construción da Escola.

d) En data 6.10.2020, mediante Resolución, a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou outorgar á FAO licenza de primeira ocupación da edificación situada en Areeiro para o seu destino a Centro de Educación Infantil.

e) Segundo o Convenio referido no Expositivo I unha vez rematada pola FAO a construción da Escola Infantil e obtido o equipamento e a dotación inicial de material didáctico, a FAO reintegraría ó patrimonio do Concello a posesión da parcela e lle doaría a edificación construída (Escola) e o equipamento inicial de mobiliario e material didáctico subscribindo e asinando a tales efectos Acta de Recepción.



Concello de Vigo

f) En sesión de data X de decembro de 2020 a Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, ten acordado aceptar as doazóns mencionadas.

g) En cumprimento do sinalado no apartados anteriores a Fundación e o Concello formalizan a presente documento conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. A FAO doa e entrega ao Concello, que o acepta e recibe, edificación en parcela en parcela de titularidade municipal localizada no camiño Areeiro s/n Bembrive Vigo, referencia catastral 54057A10200165, para o seu destino a Centro de Educación Infantil (Escola Infantil) procedendo neste acto á entrega da documentación correspondente á devandita edificación e as chaves de acceso á mesma.

A parcela atópase inscrita no Rexistro da Propiedade Nº 2 de Vigo no Tomo 1.241; libro 560; Folio 62; finca 34120-A Inscricion 2ª.

O centro configúrase de 6 unidades, dúas de 0-1 anos, dúas de 1-2 anos e dúas de 2-3 anos, para un total de 82 alumnos, e componse dunha pranta e cunha superficie total que conta cunha área de atención temprana para idades de 0 a 6 anos.

SEGUNDA. Non existen cargas que deba satisfacer o Concello na súa condición de donatario.

TERCEIRA. A FAO doa e entrega ao Concello, que acepta e recibe, o mobiliario e o material didáctico relacionados no inventario que se adxunta como Anexo ao presente documento.

CUARTA. Corresponderá ó Concello a posta en funcionamento da dotación educativa así como o seu mantemento e conservación.

QUINTA. Conforme a Cláusula Primeira do Convenio de colaboración suscrito en data 9.01.2018 o equipamento (Escola Infantil) integrárase no patrimonio do Concello e na súa rede municipal de centros educativos, destinándose aos fins previstos, nos seguintes cincuenta anos.

En caso de incumprimento dos fins e/ou prazo, a FAO poderá exixir o reembolso de todos os custos e gastos orixinados pola construción da Escola Infantil, o seu equipamento e dotación inicial de material didáctico.

SEXTA. Calquera das partes poderá requirir á outra, quen se obriga a realizalo, a elevación a público do presente documento, sendo soportados os gastos e impostos orixinados por dita elevación a parte que a solicite.

E en proba de conformidade cos termos do presente documento, as partes comparecentes o asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

Fundación Amancio Ortega
José Arnau Sierra

Vicepresidente segundo

Concello de Vigo
Abel Ramón Caballero Álvarez

Alcalde-Presidente

8(1027).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE AXUDAS AOS ALUMNOS – 2020. EXPTE. 24632/332.

Visto o informe de fiscalización do 26/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 05/11/2020, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O Concelleiro Delegado de Educación en data 28 de outubro de 2020 asinou a orde de inicio do expediente para tramitar o presente convenio.

II.- A este expediente incorporase a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa de data 3 de novembro de 2020.
- Resolución reitoral de 3 de febreiro de 2020 pola que se convocan bolsas de comedor para o alumnado de grao e máster no curso 2019/2020 – Bases da convocatoria.
- Resolución reitoral de 20 de maio de 2020 pola que se convocan axudas ao estudo no curso 2019/2020 da Universidade de Vigo – Bases da convocatoria.
- Resolución reitoral de 26 de xuño de 2020 pola que se publica a listaxe definitiva do alumnado con bolsas concedidas e denegadas das bolsas de comedor para o alumnado de para o alumnado de Grao e Máster no curso 2019/2020 - Relación de beneficiarios.
- Resolución reitoral de 4 de setembro de 2020 pola que se publica a listaxe definitiva de concedidas, denegadas e agarda das axudas ao estudo no curso 2018/2019 - Relación de beneficiarios.
- Datos da titularidade da conta bancaria da Universidade de Vigo.

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas(LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (LOU).
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación para o ano 2020.
- Instrución 1/2019, Secretaría de Goberno Local: funcionamento do rexistro electrónico de data 21.02.2019

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Obxecto: O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento dun programa de concesión de axudas sociais aos alumnos, que ten por finalidade conseguir que



Concello de Vigo

ningún alumno quede excluído dos estudos universitarios por razóns económicas. As bolsas que forman parte deste proxecto buscan garantir a igualdade de oportunidades do alumnado cunha situación económica ou circunstancias familiares que podan dificultar o seu acceso e permanencia na universidade.

A Universidade de Vigo como organización pública ao servizo da sociedade ten a misión de formar unha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común, de xeito que os logros científicos e tecnolóxicos repercutan na mellora da sociedade.

O Concello e a Universidade de Vigo buscan colaborar en distintos ámbitos de interese recíproco, que permita a ambas partes acadar de maneira satisfactoria os seus fins institucionais, de xeito que o conxunto da sociedade poida seguir avanzando no coñecemento, a innovación e na competitividade, cun modelo de desenvolvemento máis responsable, equitativo e sostible.

2.- Réxime xurídico: A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público define no artigo 47.1 os convenios como os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre sí ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Atendendo ao apartado 2. a) deste mesmo artigo estamos ante un convenio interadministrativo, entendendo por tales os firmados entre dúas ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados o dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado o dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Mediante este convenio o Concello e a Universidade de Vigo manifestan a súa vontade de colaboración para acadar unha maior integración social, cultural, e económica do alumnado e ao tempo contribuír na defensa e promoción dos intereses sociais que lles son propios.

3.- Requisitos de validez e eficacia: O artigo 48 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público habilita ás Administracións Públicas e as Universidades para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público como privado.

No que a Administración Local se refire o art. 57 da LBRL dispón que “A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do estado e das Comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen”.

O citado artigo 48 da LRXSP recolle os requisitos de validez e eficacia: O convenio non pode supoñer cesión de titularidade da competencia. Debe mellorar a eficacia da xestión pública ao facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos. Cando inclúa compro-

misos financeiros para a administración axustarase ao disposto na lexislación orzamentaria. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán se superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

O convenio perfeccionase pola prestación do consentimento das partes e deberá incluír os contidos mínimos establecidos no artigo 49 da LRXSP, concretando as obrigas das partes asinantes do convenio, e o prazo de vixencia.

A tramitación do procedemento axustase as previsións do artigo 50 da LRXSP, incorporase unha memoria xustificativa na que se recolle a oportunidade do convenio e o carácter non contractual da actividade.

4.- Competencia: O Concello de Vigo ten competencias para a xestión dos seus intereses e para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo, en virtude do sinalado no artigo 25 da LRBRL. Este precepto recolle tamén como competencias propias do municipio, a atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social, a ocupación do tempo libre e a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Por outra parte, o Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, recolle no artigo 7 entre as competencias desta universidade a da creación e xestión dos fondos para a axuda ao estudo, á investigación, á difusión da cultura e á cobertura de prestacións sociais.

O orzamento do concello de Vigo para o exercicio 2020 recolle a aplicación orzamentaria 3231.480.00.00 "Uvigo, becas, transporte, comedor e outras cooperación" por importe de 350.000 euros. Esta previsión orzamentaria responde ao interese desta Administración municipal de apoiar que aqueles estudantes que teñen dificultades económicas para acceder ou continuar os seus estudos universitarios tanto nunha necesidade vital como é unha adecuada alimentación, como para afrontar os gastos derivados da actividade académica.

5.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Educación e Xuventude.

Pola outra parte, asinará o convenio don Manuel Joaquín Reigosa Roger, na súa condición de Reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo Decreto 59/2018, do 21 de maio, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU), e o artigo 58.a) do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

6.- Tramitación electrónica: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Universidade está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.



Concello de Vigo

7.-Transparencia: O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de tTansparencia.

8.- Recursos: De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro de Educación e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento de programas de axudas aos alumnos desta universidade.
- Aprobar e autorizar o gasto de 350.000,00 € para facer fronte ao pago do compromiso municipal recollido no convenio a favor da Universidade de Vigo co CIF nº Q8650002B, con cargo á aplicación orzamentaria 3231.480.00.00 "Uvigo, becas, transporte, comedor e outras cooperaciónns" do vixente orzamento.
- Facultar ao Concelleiro de Educación para asinar o citado convenio para o caso de ser necesaria a substitución do Alcalde-Presidente.

"PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE AXUDAS AOS ALUMNOS".

Na casa do Concello, ade novembro de dous mil vinte..

REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo, designado na sesión do pleno da corporación do día 15 de xuño de 2019, en nome e representación deste Concello, en virtude do disposto nos artigos 21.1.b) e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das ba-

ses de réxime local (LRBRL), e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo Decreto 59/2018, do 21 de maio, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en nome e representación desta institución, no uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU), e o artigo 58.a) do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.

E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

EXPOÑEN

I.- Que en virtude do sinalado no artigo 25 da LRBRL, o Concello de Vigo ten competencias para a xestión dos seus intereses e para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo.

Constitúe, para o Concello de Vigo, unha cuestión de “interese xeral” atender as necesidades específicas do alumnado da Universidade no Campus de Vigo, ao tempo que considera un valor importante para esta cidade o desenvolvemento da institución universitaria e o benestar dos seus integrantes.

Esta preocupación ponse de manifesto a través de distintas accións municipais, dende a cesión de espazos como o que alberga a Escola Universitaria de Estudos Empresariais, a expropiación de terreos para o Campus Lagoas-Marcosende, a subvención aos usuarios do transporte público con destino ao citado Campus, o apoio a proxectos de emprego ou emprendedores do seu estudantado e profesorado, así como outras cuestións desenvolvidas nestes 25 anos da institución académica.

II.- Que a Universidade de Vigo, de acordo co previsto na LOU e nos seus estatutos, presta o servizo público de ensino superior mediante a investigación, a docencia e o estudo; constituíndo funcións da Universidade ao servizo da sociedade as seguintes:

- Creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura.
- A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística.
- A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade da vida e do desenvolvemento económico.
- A difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.

A Universidade de Vigo concibe a súa finalidade esencial como un servizo público de calidade orientado á procura de maiores niveis de benestar para o conxunto da sociedade por medio da busca de avances sociais, científicos e tecnolóxicos nun marco de valores éticos xeralmente aceptados.



Concello de Vigo

Para o desenvolvemento dos obxectivos anteriores, a Universidade foi dotada de solo e infraestruturas que a converten hoxe nun actor fundamental da ordenación do territorio e a mobilidade da contorna metropolitana de Vigo.

III.- Que dentro das políticas educativas e económicas en xeral, o Concello asume o compromiso de colaborar cos entes, organismos, administracións e axentes sociais máis significativos no desenvolvemento dunha serie de accións culturais, deportivas, científicas, sociais e económicas que permitan lograr que os estudantes e, en xeral, os membros da comunidade universitaria máis desfavorecidos reciban axudas destinadas a mellorar a súa promoción no sistema educativo, redundando no beneficio da cidade en xeral. No orzamento municipal do presente exercicio está prevista unha aplicación orzamentaria 3231.480.00.00 "Uvigo, becas, transporte, comedor e outras cooperaciónns".

IV.- Que expresadas as anteriores competencias e obxectivos, o Concello e a Universidade de Vigo manifestan a súa intención de formalizar unha colaboración en distintos ámbitos de interese recíproco, que permita a ambas partes acadar de maneira satisfactoria os seus fins institucionais, de xeito que o conxunto da sociedade poida seguir avanzando no coñecemento, a innovación e na competitividade, cun modelo de desenvolvemento máis responsable, equitativo e sostible.

V.- Con base ao exposto e de conformidade co disposto no artigo 57 da LBRL e artigo 47.2 a) da LRXSP e co fin de regular a colaboración de ambas institucións as parte manifestan a súa vontade de asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- obxecto e finalidade do convenio

O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo pretenden con este convenio acadar unha maior integración social, cultural, e económica do alumnado da Universidade de Vigo e ao tempo contribuír na defensa e promoción dos intereses sociais que lle son propios mediante o desenvolvemento dun programa de concesión de axudas aos alumnos.

Este proxecto ten por finalidade conseguir que ningún alumno quede excluído dos estudos universitarios por razóns económicas. As bolsas que forman parte do programa teñen por obxecto garantir a igualdade de oportunidades do alumnado cunha situación económica ou circunstancias económicas ou familiares que lle impiden ou dificulten afrontar os gastos derivados da activade académica.

Segunda .- Obrigas das partes.

A Universidade de Vigo comprométese a desenvolver un programa de axudas destinadas aos alumnos con dificultades económicas que comprenderá bolsas de comedor, e axudas ao estudo para estudantes con circunstancias familiares ou económicas desfavorables na procura de que os mesmos poidan continuar realizando os seus estudos. Con este obxectivo convocará o programa de axudas que estime axeitadas destinadas a garantir que ningún abandone os seus estudos polas dificultades sinaladas e elaborará as bases reguladoras das convocatorias garantindo a igualdade de oportunidades, asegurando a debida difusión entre os seus estudantes. Así mesmo, xestionará o procedemento de outorgamento das bolsas de conformidade coas bases reguladoras, nas que se terá en conta o nivel de renda e condicións familiares dos solicitantes e outras circunstancias sociais.

O Concello de Vigo, pola súa parte, asume o compromiso de colaborar no financiamento deste programa cunha achega por importe de 350.000 euros con cargo a a aplicación orzamentaria 3231.480.00.00 "Uvigo, becas, transporte, comedor e outras cooperaciónns" no obxectivo de que ninguén quede excluído dos estudos universitarios por razóns económicas favorecendo a integración social destes estudantes.

Terceira.- Mecanismo de seguimento e control.

A vixilancia e o seguimento do convenio encomendase a unha comisión mixta integrada, por parte da Universidade de Vigo polo Vicerreitor de economía e a Xerente ou técnico no que se delegue, e por parte do Concello de Vigo, polo Concelleiro de Orzamentos de Facenda e a xefa do Servizo de Educación ou técnico no que se delegue.

Cuarta.- Forma de pagamento.

A Universidade xustificará a aplicación destes fondos mediante un informe das actividades realizadas, o orzamento, e a relación de beneficiarios das bolsas outorgadas, xunto coa certificación do responsable da Tesoureira da Universidade na que conste que se realizou o ingreso polo importe da bolsa outorgada a cada un dos beneficiarios.

O Concello de Vigo aboará o importe da súa achega mediante transferencia a conta bancaria titularidade da Universidade de Vigo unha vez presentada por esta a documentación sinalada no apartado anterior, e previa comprobación de que o importe da achega municipal é inferior aos gastos derivados da execución do programa de axudas obxecto deste convenio.

Quinta.- Información

A Universidade de Vigo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización.

Sexta.- Vixencia

A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Sétima.- Modificación do convenio Calquera modificación non prevista do contido deste Convenio requirirá o acordo expreso das partes asinantes e instrumentarase mediante a correspondente Addenda.

Oitava.-Protección de datos

Os datos persoais da solicitante e o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a tramitación deste convenio.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal. Poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Novena.-Causas de resolución.

Son causas de resolución deste Convenio o mutuo acorda das parte e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo de conformidade co previsto no artigo 51.2 da LRXSP, cos efectos establecidos no artigo 52 do referido texto legal.

Décima.-Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio terá carácter administrativo e rexerese polo establecido nas súas cláusulas quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do sector público agás para a resolución de dúbidas ou lagoas.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira - Transparencia

Publicarase o convenio no Portal de Transparencia do Concello de Vigo de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E , en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, xx de novembro de 2020.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1028).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES OFICIAIS SEPULTUREIROS PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 36635/220.

Visto o informe de fiscalización do 25/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 20/11/2020, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, o Xefe de servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres oficiais sepultureiros/as para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 09/11/2020 solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres oficiais sepultureiros/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:



Concello de Vigo

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a

vacante, neste caso (posto cód.205-oficial sepultureiro/a), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.



Concello de Vigo

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica do xefe de servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente, o nomeamento interino é necesario para o correcto funcionamento das funcións encomendadas. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de tres oficiais sepultureiros/as para o Servizo de Cemiterios, supón un gasto de 37.790,91 € (da referida cantidade 8.068,05€, corresponde a presente exercicio e, 29.722,86€ ao vindeiro exercicio 2021), e ao que haberá que engadirse a cantidade de 14.142,95 € (da referida cantidade 3.017,05€, corresponde a presente exercicio e, 11.125,90 € ao vindeiro exercicio 2021), en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2020 e 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

V. - Verificación das listas de reserva e xustificación de utilización excepcional da lista de Oficiais sepultureiros caducada o 07/07/2019:

Ante a situación de urxencia e tratándose dunha cuestión de salubridade pública nunha situación de pandemia, é necesario garantir os enterramentos no servizo de cemiterios a maior brevidade. A este respecto, indicar que consta comunicación electrónica de data 20/07/2020, manifestando a conformidade do Comité de Persoal para utilizar *“dunha maneira excepcional e a vista do COVID19”*, a utilización da bolsa de Oficiais sepultureiros referida.

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficial sepultureiros, a J A Carrera Ferreira con dni ***6122**, a T Alonso*

Vidal con dni ***6403** e a A Cabaleiro Caramés con dni ***7464**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica..”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais sepultureiros/as** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Cemiterios**, contidas no escrito de data de sinatura electrónica. En consecuencia, autorizar o gasto por importe de 37.790,91 € (da referida cantidade 8.068,05€, corresponde a presente exercicio e, 29.722,86 € ao vindeiro exercicio 2021), e ao que haberá que engadirse a cantidade de 14.142,95 € (da referida cantidade 3.017,05€, corresponde a presente exercicio e, 11.125,90 € ao vindeiro exercicio 2021), en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2020 e 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”.*

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Oficiais sepultureiros/as a: *J A Carrera Ferreira* con dni ***6122**, a T Alonso Vidal con dni ***6403** e a *A Cabaleiro Caramés* con dni ***7464**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e verificada a anterior lista de reserva, utilizada excepcionalmente ante a situación de urxencia e tratándose dunha cuestión de salubridade pública nunha situación de pandemia, na que é necesario garantir os enterramentos no servizo de cemiterios a maior brevidade; todo elo á



Concello de Vigo

vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 205-oficial sepultureiro/a), sendo adscritos/as ao Servizo de Cemiterios, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de servizo de Medio Ambiente, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1029).- PRÓRROGA DO PROGRAMA DE “ACTUACIÓN INTERDEPARTAMENTAL ENTRE O SERVIZO DE IGUALDADE E A AREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN PARA A IMPLEMENTACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE E SELECCIÓN DE PERSOAL INTERINO ASIGNADO AO MESMO”. EXPTE. 36609/220.

Visto o informe de fiscalización do 26/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 20/11/2020, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 05 de decembro de 2017 acordou, aprobar o programa de “actuación interdepartamental entre o servizo de

igualdade e a Área de RRHH e formación para a implementación do Plan de Igualdade e selección de persoal interino asignado ao mesmo” (Expte 30737-220).

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/12/2017 aprobouse o nomeamento das funcionarias interinas D^a M. D. Chapela Gallego, con DNI *****695W e D^a L. Olmos Pita, con DNI nº *****516Q, por execución do programa de carácter temporal, como Técnica de xestión e Auxiliar de administración xeral respectivamente, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de tres anos, susceptibles de prórroga nos termos do TREBEP.

En data 5 de setembro de 2019 a técnica de xestión asignada ao programa presentou renuncia ao seu nomeamento interino por execución de programa temporal, con efectos do 8 de setembro de 2019.

III.- O día 26/10/2020, se recibiu solicitude asinada polas Xefaturas de Igualdade e RRHH e conformadas polas concelleiras-delegadas respectivas, solicitando *“a prórroga por un período de doce meses de duración do “Programa de actuación interdepartamental entre o servizo de Igualdade e a área de Recursos Humanos e Formación para a implementación do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo”.*

II. Autorizar a prórroga por un período de doce meses de duración, contemplada no artigo 10.1.c) do RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do/a Empregado/a Público, e Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, do nomeamento da funcionaria interina nº de persoal 82794, auxiliar administrativa asignada ao “Programa de actuación interdepartamental entre o servizo de Igualdade e a área de Recursos Humanos e Formación para a implementación do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo”.

IV.- En base ao anterior a concelleira-delegada da Área de Organización Municipal, a través de instrución de servizo de data de sinatura electrónica, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local da prórroga do referido programa temporal e o nomeamento interino solicitado.

V.- Consta no expediente informe de cuantificación económica do gasto a incidencia do mesmo no capítulo I (trámite 23 do expte ao cal nos remitimos na súa integridade).

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Prórroga do programa de “actuación interdepartamental entre o servizo de igualdade e a Área de RRHH e formación para a implementación do Plan de Igualdade e selección de persoal interino asignado ao mesmo” (Expte 30737-220).**

Segundo consta na solicitude recibida asinada polas Xefaturas de Igualdade e RRHH e conformadas polas concelleiras-delegadas respectivas, *“... Os departamentos municipais de Igualdade e de Recursos Humanos e Formación, conscientes da necesidade da*



Concello de Vigo

interiorización da cultura da igualdade como principio inspirador de carácter transversal, atópanse traballando na implementación e deseño dun Plan de Igualdade no ámbito da Administración Municipal de Vigo.

Durante o período de tempo que leva implantándose este programa realizáronse parte das actuacións previstas inicialmente, que son:

- *Realización dun estudo-diagnóstico a cargo de auditoría laboral de xénero externa en colaboración co persoal municipal interino asignado ao programa. Data de entrega do documento final: 19.09.2018.*
- *Constitución da mesa sectorial de negociación do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello. Data: 07.10.2019.*
- *Celebración de cinco reunións da Mesa sectorial de Negociación do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo co obxecto de :*
 - *Presentación do Informe diagnóstico-Auditoría de xénero do Concello de Vigo. Data: 07/10/2019.*
 - *Presentación de alegacións ao informe diagnóstico. Data: 28/10/2019.*
 - *Aprobación do Informe diagnóstico-Auditoría de xénero do Concello de Vigo. Data: 28/10/2019.*
 - *Presentación de achegas e propostas de medidas a incluír no documento do Plan de Igualdade continuando coa fase negociadora. Datas: 13/01/2020, 17/02/2020 e 09/03/2020.*

Para poder rematar a antedita fase de negociación, será necesaria a continuación dos traballos e celebración de sesións que permitan a valoración das propostas presentadas, a negociación do contido do Plan de Igualdade e a planificación específica do mesmo para rematar coa aprobación do documento final do Plan de Igualdade a través do acordo da Mesa.

Asemade, aprobado o texto definitivo do Plan de Igualdade, comezaría a fase de Implantación, no que se procederá á execución das accións previstas, a comunicación, o seguimento e control conducentes a obter os obxectivos, para, posteriormente continuar coa fase de Avaliación, na que se analizan os resultados obtidos e se achegan recomendacións de mellora ou adaptación das medidas.

A tal efecto, resulta imprescindible garantir a dispoñibilidade de medios humanos e materiais nos departamentos de Igualdade e de Recursos Humanos e Formación, permitindo dese xeito afrontar a xestión das incidencias de materialización práctica das políticas públicas definidas en materia de igualdade, así como das medidas legais establecidas no concreto ámbito referenciado.

A proposta conxunta de ambos departamentos é a de prorrogar o Programa de actuación interdepartamental entre o Servizo de Igualdade e a Área de Recursos Humanos e Formación para a implementación do Plan de igualdade, así como o nomeamento interino da auxiliar administrativa asignada ao programa polo prazo máximo legalmente establecido de 12 meses máis, nos termos do previsto na lexislación de aplicación (Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do/a Empregado/a Público, e Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia).

A antedita proposta ven xustificada pola necesidade de continuar coa execución do programa para poder alcanzar os obxectivos previstos, e proseguir co desenvolvemento do traballo, que durante este ano se viu delongado, sufrindo atrasos na calendarización prevista inicialmente, debido á situación de emerxencia sanitaria xerada pola COVID-19...

II.- Prórroga dos nomeamentos interinos.

II a) Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:



Concello de Vigo

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II b) Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa

na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga do nomeamento interino solicitado, que están a desenvolver o programa na actualidade, a auxiliar de administración xeral, D^a L. Olmos Pita, con DNI nº *****516Q

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 09/12/2021.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II c) Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de 26/10/2020, resulta precisa a prórroga polo prazo máximo legalmente establecido de doce meses máis. Nos remitimos ao punto I dos Fundamentos xurídicos de este Informe.

Así mesmo na instrución de servizo do concelleira-delegada da Área de Organización Municipal de data de sinatura electrónica, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas



Concello de Vigo

da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

II d) Proposta de gasto:

De acordo co informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente os nomeamentos interinos proposto supón o coste seguinte:

CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE 1 ANO (10/12/2020 A 09/12/2021)

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL-2020	ANUAL-2021	Periodo (10/12/2020 a 09/12/2021) - DOCE MESES
Retribucións totais AUXILIAR	24.084,38 €	24.301,16 €	24.288,34 €
Seguridade Social	7.752,96 €	7.822,74 €	7.786,02 €
TOTAIS AUXILIAR	31.837,34 €	32.123,90 €	32.074,36 €

(1) Da referida cantidade 1.424,39€, corresponde a presente exercicio e, 22.863,95€ ao vindeiro exercicio 2021.

(2) Da referida cantidade 458,52€, corresponde a presente exercicio e, 7.327,50€ ao vindeiro exercicio 2021.

(3) Da referida cantidade 1.882,91€, corresponde a presente exercicio e, 30.191,45€ ao vindeiro exercicio 2021.

O custo da referida prórroga do nomeamento formalizado en data 10/01/2017 imputarase a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2020 (0,7097 do mes de decembro 2020) e, do período comprendido entre o 01/01/2021 e o 09 de decembro de 2021 (11,2903 meses) no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira. No informe de fiscalización debería considerarse expresamente as indicacións contidas no informe técnico de data 18/11/2020. (trámite 23 do expte)

IV. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sra. Concelleira-Delegada da Área de Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

I.- Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 09/12/2021), o Programa "Actuación interdepartamental entre o servizo de igualdade e a Área de RRHH e formación para a implementación do Plan de Igualdade e selección de persoal interino asignado ao mesmo".

II.- Prorrogar, en base aos informes emitidos no expediente, o nomeamento do/a funcionario/a interino/a nomeado para a execución do programa de carácter temporal referido no punto anterior:

- D^a L. Olmos Pita, con DNI nº *****516Q.

En consecuencia, autorizar o gasto total de 32.074,36 €, das que 24.288,34 € corresponden a retribucións e, 7.786,02 € a custes de seguridade social. En canto a retribucións, 1.424,39€, corresponde a presente exercicio e, 22.863,95€ ao vindeiro exercicio 2021; e no que respecta ao custe de seguridade social, 458,52€, corresponde a presente exercicio e, 7.327,50€ ao vindeiro exercicio 2021, de conformidade co establecido no informe técnico que consta no informe económico anexado ao expediente.

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2020 (0,7097 do mes de decembro 2020) e, do período comprendido entre o 01/01/2021 e o 09 de decembro de 2021 (11,2903 meses) no que respecta a custes retributivos, e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

III.- Dispoñer que a referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (09/12/2021) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: auxiliar de admon xeral (posto cod.138). Todo elo, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

IV.- Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas



Concello de Vigo

determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

V.- Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ás Xefaturas de Igualdade e RRHH e Formación, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1030).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 16116/331.

Visto o informe xurídico do 11/11/2020 e o informe de fiscalización do 25/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 10/11/2020, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O Concello de Vigo no exercicio das competencias municipais en materia de bibliotecas, solicitou ao abeiro da Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia a integración na Rede de bibliotecas de Galicia do centro bibliotecario Xosé Neira Vilas.

Por orde do concelleiro de Cultura e Turismo de data 21 de xullo de 2010 acordouse a creación e inclusión do dito centro na Rede de Bibliotecas de Galicia, condicionada á sinatura dun convenio co Concello de Vigo, formalizándose dito convenio en data 21 de outubro de 2010.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico

específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, a citada Consellería configúrase como o órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede.

O convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo conforme o disposto no artigo 47..2^a) da LRXSP en tanto que a Consellería de Cultura e Turismo (Xunta de Galicia) a é o Concello de Vigo son entidades que integran a Administración Pública e ten por obxecto colaborar na execución dun fin común que se concreta na colaboración da renovación da integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas.

A Lei 40/2015 de 1 de outubro, na disposición adicional oitava, regula a adaptación dos convenios vixentes subscritos polas administracións públicas e, establece que deberán adaptarse ao previsto no artigo 49 h) no prazo de tres anos dende a súa entrada en vigor. Para os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei, como é o caso, o convenio inicial mantivo a súa vixencia durante un prazo de catro anos á partir da entrada en vigor da Lei, o 1 de outubro de 2016.

Rematado o período de transición establecido na devandita D.A. 8a da Lei, cómpre realizar esta adaptación do convenio asinado en data 21 de outubro de 2010 ao disposto no artigo 49 h) que, establece que os convenios deberán ter unha duración, que non poderá ser superior a catro anos. E que en calquera momento antes da finalización deste prazo previsto, as partes poderán acordar unha prórroga unánime por catro anos adicionais ou a súa extinción.

Co obxecto de adaptar e axustar o convenios ás esixencias da Lei 40/2015 así como para actualizar o seu contido cómpre renovar por tanto o compromiso de adhesión subscrito no seu día.

O convenio proposto regula na súa cláusula primeira os compromisos por ambas partes; estes compromisos non supoñen gastos adicionais para o Concello de Vigo máis alá dos



Concello de Vigo

gastos xerais de funcionamento da Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas que figuran no orzamento municipal, programa presupostario 3321-Bibliotecas Públicas.

O órgano competente para aprobación do convenio marco corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020 correspondendo a formalización do convenio, como requisito de eficacia e validez do mesmo ao concelleiro delegado da área de Cultura e Emprego en virtude das facultades delegadas pola Alcaldía en data 26.06.2019 modificada por posterior Resolución de data 17.08.2020

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, previos informes xurídico, elévase á Xunta de Goberno Local a seguintes

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se achega no expediente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a renovación do compromiso de integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da Biblioteca Pública Municipal “Xosé Neira Vilas”

SEGUNDO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL XOSÉ NEIRA VILAS DE VIGO, DEPENDENTE DEL.

Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, a consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a Consellería) e no seu nome e representación, D. Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de concelleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así como o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, en relación co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra, o concello de Vigo(en diante, o concello) e no seu nome e representación, D. Abel Lo-

sada Álvarez en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, no uso da competencia que lle atribúe o artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en virtude do decreto de delegación da Alcaldía do 18 de xuño de 2019 e posterior modificación de data 17 de agosto de 2020, e do acordo da Xunta de Goberno local do 20 de xuño de 2019

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para conviren no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

MANIFESTAN

Que ámbalas dúas entidades son conscientes de realizar actuacións no eido da creación de recursos de lectura pública que fomenten a mellora dunha oferta adecuada ás novas demandas dos seus usuarios, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia de acceso aos recursos públicos de lectura tanto físicos como dixitais.

A Consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, as atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 163/2018, do 13 de decembro e, en relación co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. Neste sentido, establece que lle corresponde a xestión dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros.

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, a Consellería configúrase como o órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede.

O concello de Vigo no exercicio das competencias que lle son propias, solicitou a integración na Rede de bibliotecas de Galicia do centro bibliotecario citado, e para que esta fora firme e efectiva, trala publicación no DOG da Orde do 21 de xullo de 2010 pola que se crea e se integra na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas, de Vigo.(DOG núm. 163, do 25 de agosto), e asinouse o correspondente convenio o 31 de outubro de 2010.

A Lei 40/2015 de 1 de outubro, na disposición adicional oitava, regula a adaptación dos convenios vixentes subscritos polas administracións públicas e, establece que deberán adaptarse ao previsto no artigo 49.h) no prazo de tres anos dende a entrada en vigor da Lei. Para os convenios que non tiveran determinado un prazo de vixencia ou, existindo, tiveran establecida unha prórroga tácita por tempo indefinido no momento da entrada en vigor desta Lei, como é o caso, terán un prazo de vixencia de catro anos á partir da entrada en vigor da Lei (1 de outubro de 2016).

Cumprido o prazo transitorio de adaptación, será de aplicación o disposto no artigo 49. h) que, establece que os convenios deberán ter unha duración non superior a catro anos. E que en calquera momento antes da finalización deste prazo, as partes poderán acordar unha prórroga unánime por catro anos adicionais ou a súa extinción.

Co obxecto de adaptar e axustar o convenios ás esixencias da Lei 40/2015 así como para actualizar o seu contido cómpre renovar o compromiso de adhesión subscrito.

As dúas institucións teñen o convencemento mutuo de que o acceso á cultura da cidadanía galega mellorará compartindo os recursos e poñendo á disposición dos usuarios e usuarias das bibliotecas públicas de Galicia este servizo bibliotecario.



Concello de Vigo

Con este convenio asegúrase o acceso aos recursos compartidos da Rede de bibliotecas en formato físico a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria e, en formato dixital a través da Biblioteca Dixital Galega GaliciaLe, plataforma de acceso aberto e gratuíto para os usuarios das bibliotecas de Galicia e, outros servizos que se poidan poñer en marcha.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

O obxecto deste convenio é a colaboración entre as partes para a actualización e a adaptación a normativa de aplicación vixente. Este convenio renova do compromiso de integración do centro bibliotecario municipal na Rede de bibliotecas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital.

Condições da integración:

1.- O Concello comprométese a:

- a) Dotar á biblioteca do orzamento suficiente para o seu funcionamento.
- b) Dotar ao centro bibliotecario do persoal adecuado e con capacidade profesional suficiente para asumir as tarefas propias do servizo bibliotecario. Así mesmo asumirá en exclusiva todas as obrigas derivadas da súa condición de empregador.
- c) Remitir anualmente á Consellería a información que se solicite, con especial atención ás estatísticas anuais.
- d) Colaborar coa Consellería na formación e perfeccionamento do persoal do servizo bibliotecario municipal.
- e) Fomentar a participación do centro bibliotecario na Rede e nos programas que nesta se establezan. A interconectividade técnica e semántica, o uso de software, os estándares necesarios para o intercambio e acceso á información e, a adopción das normas e manuais de procedemento que se establezan para as bibliotecas da Rede.
- f) A participación nos programas de préstamo interbibliotecario, facilitando orixinais ou copias dos documentos solicitados, correndo por conta do centro demandante o gasto que daquel puidera derivar.
- g) Colaborar coa Consellería na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do patrimonio bibliográfico galego e da documentación de interese para Galicia, debendo facilitar que se leven a cabo os programas de conservación, dixitalización ou rexistro e gravación noutros soportes dos materiais de interese para Galicia, promovidos polo dito órgano, facilitando a súa copia e colaborando na súa recollida e conservación.

2.- A Consellería comprométese a:

- a) Manter ao centro bibliotecario municipal de Vigo na Rede de Bibliotecas de Galicia.
- b) Dotar ao centro bibliotecario municipal do software necesario para a súa xestión a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria.
- c) Prestar o apoio técnico necesario para acadar servizos bibliotecarios da calidade.
- d) Promover a realización de accións formativas destinadas ao persoal dos servizos bibliotecarios municipais.
- e) Organizar o sistema de préstamo interbibliotecario e acceso do centro bibliotecario aos fondos de calquera outro centro da rede, en orixinal ou copia. Tamén se dará acceso, a

través dos servizos que se designen para tal fin no sistema bibliotecario galego, ao préstamo intrabibliotecario ou internacional.

- f) Integrar ao centro bibliotecario en programas de recuperación, conservación, dixitalización ou rexistro en calquera outro sistema de memoria, de materiais de interese local ou galego, ademais de facilitar o acceso aos resultados destes programas.

SEGUNDA. – OBRIGAS FINANCEIRAS

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

TERCEIRA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola persoa titular da Secretaría Xeral de Cultura e polo alcalde do concello de Vigo, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión.

QUINTA.- PUBLICIDADE

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o concello de Vigo acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa e seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Artigo 81 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.



Concello de Vigo

- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.
- Artigo 49 e Disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 190 do 18 de setembro)
- Orde do 21 de xullo de 2010 pola que se crea e se integra na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas, de Vigo.(DOG núm. 163, do 25 de agosto).

SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

OITAVA.- VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio empezará a contar dende a súa sinatura e estenderase por un período de catro anos. Antes do remate deste prazo as dúas partes asinantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, agás que unha das partes decida a súa resolución comunicándoo á outra parte con tres meses de antelación.

NOVENA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

12(1031).- LEVANTAMENTO DO DEPÓSITO DA OBRA "TARDE DE DECEMBRO" DE FRANCISCO LLORÉNS ASIGNADA Á COLECCIÓN DO MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN" (Nº INV. 485). EXPTE. 6754/337.

Dáse conta do informe-proposta do 23/11/2020, asinado polo director do Museo Municipal Quiñones de León, o xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do

servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En data 25 de novembro de 2019 ***1509*-R presenta escrito no rexistro municipal, dirixido ao director do museo municipal, onde expresa a súa vontade e a da súa irmá, ***1509*-W, de cancelar o depósito da obra *Paisaxe* de autor Francisco Lloréns; realizado en 1937 no museo municipal por Carlos Sobrino Buhigas, pai das anteditas. Anexa como documentación probatoria copia de papeleta do depósito efectuado.

En data 18 de agosto de 2020 as solicitantes presentan nova solicitude de cancelación de depósito, dirixida ao Concelleiro delegado de Cultura e Emprego; anexando como documentación, amais de copia da súa anterior solicitude e da papeleta de depósito, copia do seu libro de familia.

Recibida a solicitude o museo procede á identificación da obra da que se solicita o levantamento.

De autor Francisco Lloréns e co título *Paisaxe*, empregado polas solicitantes, e que asemesmo consta na copia da papeleta de depósito presentada; non consta actualmente obra algunha no inventario das coleccións adscritas ao museo municipal "Quiñones de León".

As obras de autor Francisco Lloréns existentes na colección responden na actualidade aos seguintes títulos:

- + Fronda. Nº inv. 482
- + Mañá de agosto nas mariñas. Nº inv. 483
- + O Muíño. Nº inv. 484
- + Tarde de decembro. Nº inv. 485

Como poidese ocorrer que o título da obra modificárase nalgún momento desde a realización do depósito, ou mesmo que na papeleta acreditativa recollerase cun nome distinto ao que lle pertence; procedese a empregar outros criterios que permitan a súa identificación.

Valorando a súa procedencia, ou modo de ingreso, observase que as tres primeiras obras indicadas nº inv. 482, 483 484; ingresan na colección do museo por compra no mes de febreiro de 1982.

Por outra banda no catálogo do museo municipal editado en 1978 figura só unha obra de autor Francisco Lloréns; está sinalada como DEPÓSITO; ten por título *Paisaxe* e a súa descrición coincide coa obra *Tarde de decembro*, nº inv. 485.

Visto o cal esta sería a obra á que se refire á solicitude de levantamento; e así queda inequivocamente confirmado trala inspección visual do cadro, dado que no seu bastidor figura etiqueta do museo que indica expresamente que é "Depósito del Sr. Sobrino Buhigas".



Concello de Vigo

A obra identifica:
medidas 32 x 40
metade do século
algunhas alterac

Atópase asegurada
Excmo Concello
MARCO de Vigo

Tralo requiriment
pal, efectuado ás
achegan copia d
vembro de 2020,

Visto todo o cal,
emite informe xu
decembro" formu



inventario 485;
da da primeira
al de pintura e

nio Cultural do
s almacéns do

tración Muni-
de 2020 estas
data 17 de no-
ude.

ción Municipal
obra "Tarde de
cións:

- Deberase emitir informe proposta polo Xefe de Servizo en virtude do artigo 172 do ROF.
- Non require de informe de fiscalización en tanto que o levantamento do depósito non implica gasto.
- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para adopción do acordo de conformidade coa DA 2ª da LCSP.
- Tralo acordo deberase formalizar o levantamento en acta de entrega do depósito, acto que terá lugar no lugar onde se atope depósito o cadro.

Visto todo o cal, co informe favorable da Secretaria de Administración Municipal; coa conformidade do Xefe do Servizo de Museos, do Xefe do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA.-

"Autorizar o levantamento de depósito da obra "Tarde de decembro" (anteriormente denominada "Paisaxe") de Francisco Lloréns; asignada á colección do museo municipal "Quiñones de León" con número de inventario 485; a favor de ***1509*-R e ***1509*-W; procedendo á súa entrega no museo MARCO de Vigo, lugar no que se atopa a obra, formalizando o acto mediante a correspondente acta; e á súa baixa no Inventario Municipal nos termos sinalados no RBEL respecto do inventario dos bens mobles de carácter histórico; e do Inventario do Museo Municipal conforme o disposto na LPCG".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1032).-RECOÑECIMENTO DA INVERSIÓN DAS OBRAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS EXECUTADAS ATA O 28 DE FEBREIRO DE 2019. EXPTE. EXPTE. 6496/440.

Dáse conta do informe-proposta do 23/11/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 01 de marzo de 2019, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga "Aqualia" presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao plan de investimentos da prórroga da concesión de Aqualia, con cargo á retribución do concesionario a cantidade de **4.013.183,41 €**, correspondente ás inversións executadas ata o 28 de febreiro de 2019.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou:

No punto 1º, declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de data 25/10/1990, por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato, de conformidade co establecido na condición 2ª do Prego de Condicións Administrativas Particulares que rexeu o concurso para a adxudicación da concesión (Pleno 5/7/1990) e ao tenor do preceptuado na Disposición Adicional segunda da Lei 30/2007, en relación co previsto no artigo 121 da vixente Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (Lei 7/1985).

No punto 3º acordouse convenir coa Entidade concesionaria, Aqualia-FCC Vigo UTE, o exercicio da obriga asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato, respecto da provisión dos fondos necesarios para a financiación dun plan de investimentos. Dentro do plan de investimentos se recollía un importe de 20.000.000€ destinado a "outros investimentos" e un importe de 10.274.000€ destinado á adquisición dos terreos para a EDAR Lagares.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, acordou aprobar a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

Cuarto.- Con data 8 de agosto de 2013, efectuouse o primeiro recoñecemento de inversións realizadas desde a declaración da prórroga da concesión administrativa a Aqualia-FCC Vigo UTE. Así a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer como inversións da prórroga da concesión de Aqualia, (período 2011-2012), con cargo á retribución do concesionario a cantidade de 8.233.614,25 €, correspondente á inversión executada ata o finais do ano 2012.

Desta cantidade, un importe de 253.472.68 € corresponden a investimentos propiamente ditos, incluídos no Plan de investimentos aprobado coa prórroga da concesión do servizo, e



Concello de Vigo

un importe de 7.980.141,57 € ás tres primeiras certificacións dos pagos realizados pola concesionaria para a adquisición dos terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

Quinto.- Con data 6 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3060-440, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 30 de xuño de 2014, por un importe de 1.346.730,57 €; cantidade da que 422.735,65 € corresponden á adquisición de terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

Sexto.- Con data 19 de xuño de 2015, a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3245-440, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de xaneiro de 2015, por un importe de 3.641.977,82 €.

Sétimo.- Con data 16 de setembro de 2016, no expediente núm. 3726-440, a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 30 de outubro de 2015 por importe de 5.750.564,39 €.

Oitavo.- Con data 30 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de decembro de 2016, con número de expediente 4733/440, por un importe de **3.252.038,44 €**, cantidade da que 453.124,89 € corresponden á adquisición de terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

Noveno.- En data 01 de marzo de 2019, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga "Aqualia" presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao plan de investimentos da prórroga da concesión de Aqualia, con cargo á retribución do concesionario a cantidade de **4.013.183,41 €**, correspondente ás inversións executadas ata o 28 de febreiro de 2019, dos cales 80.899,45 € corresponden á adquisición de terreos necesarios para a ampliación e modernización da EDAR do Lagares.

Decimo.- En data 24 de setembro de 2020, o Enxeñeiro de Camiños municipal e o Xefe do Servizo de Vías e emiten informe técnico favorable ao respecto.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- As actuacións incluídas na solicitude de recoñecemento de inversión dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 28 de febreiro de 2019 son as seguintes:

	ACTUACIÓN	INVERSIÓN (IVE excluído)	Nº expediente
a	Pago da certificación nº 7 correspondente á adquisición de terreos para a execución da "Ampliación e modernización da EDAR do Lagares	80.899,45 €	3545/440

	ACTUACIÓN	INVERSIÓN (IVE excluído)	Nº expediente
b	Proxecto de dosificación de reactivos na ETAP do Casal e liquidación, e os seus custes asociados	377.089,39 €	2486/443
c	Obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento na Av. García Barbón, e os seus custes asociados	2.145.866,25 €	2566/440
d	Obras de proxecto modificado de renovación das redes de saneamento e abastecemento na Av. García Barbón, e os seus custes asociados	413.534,83 €	2566/440
e	Obras de mellora na rede de saneamento nas rúas Lotas e Brea, e os seus custes asociados	87.711,52 €	3132/440
f	Obras de ampliación e mellora da EBAR de Teis, e os seus custes asociados	99.682,30 €	3133/440
g	Obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento na parroquia de Teis. Fase 3. Abastecemento Avd. De Galicia y liquidación, e os seus custes asociados	188.943,13 €	3237/443
h	Obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento na parroquia de Teis. Fase 3. Saneamento Avd. De Galicia y liquidación, e os seus custes asociados	257.099,02 €	3237/443
i	Obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Bueu, e os seus custes asociados	244.695,58 €	3854/440
j	Obras de ampliación da rede de abastecemento na rúa Juan de Bastos-Mátama, e os seus custes asociados	74.667,40 €	4452/440
k	Obras de mellora da rede de saneamento no entorno do IES de Beade. E os seus custes asociados	42.994,54 €	4777/440
TOTAL PENDENTE DE RECOÑECER		4.013.183,41 €	

Segundo.- Na ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2013, contéplase no apartado III, punto d, *que*:

“Unha vez rematada a obra, someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local a recepción da mesma, o que implicará o recoñecemento do investimento, a adscrición ao servizo público e a autorización para iniciar o procedemento de recuperación a través da tarifa do Servizo.



Concello de Vigo

Considerase imprescindible achegar á proposta de recoñecemento de investimento a seguinte documentación:

- Certificado final de obra.
- Acta de recepción.
- Certificación acreditativa de terse efectuado a totalidade dos pagamentos inherentes ás obras, agás as dos gastos asociados (asistencia técnica, dirección de obra, etc.).

Consta informe de data 24 de setembro de 2020 do Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños no que se indica que **toda a documentación presentada corresponde cos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas anteriormente e se considera completa a efectos de tramitación do correspondente recoñecemento de inversión.**

Débase realizar un axuste á baixa de 2,16 € no importe da inversión a recoñecer, debido a unha discrepancia entre o investimento declarado pola concesionaria e o executado (acreditado mediante factura) correspondente cos traballos de Coordinación de Seguridade e Saúde das Obras de “renovación das redes de saneamento e abastecemento na parroquia de Teis. Fase 3. Abastecemento Avd. De Galicia”,

Terceiro.- Competencia.- O apartado III, punto d) do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2013 atribuí á Xunta de Goberno Local a creación e recoñecemento do investimento, polo que **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Único.- Recoñecer como inversións da prórroga da concesión de Aqualia, (período dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 28 de febreiro de 2019), con cargo ao concesionario e sen coste algún para o Concello de Vigo a cantidade de 4.013.181,25 €.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1033).-DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DE REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA FILIPINAS. FASE I”- OBRAS DO PLAN DE INVERSIÓN DE AQUALIA. EXPTE. 5539/440.

Dáse conta do informe-proposta do 23/11/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos

que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 15 de maio de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia”; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 15 de maio de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia”.

IV.- Con data 21 de febreiro de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “renovación da rede de abastecemento na rúa Filipinas – Vigo. Fase I”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, Javier Zubia Fernández que recolle unha actuación que pola súa ubicación e natureza queda comprendida dentro do alcance da encomenda para a “*Sustitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia*”. Este proxecto ten un orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E SEIS MIL SEICENTOS TRINTA E UN EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (76.631,66 EUROS), e SESENTA E TRES MIL TRESCENTOS TRINTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CENTIMOS (63.331,95), sen IVE, de data Febreiro de 2020 e con sinatura dixital de data 17/02/2020.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os costes asociados correspondentes ao proxecto de referencia (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 2.658,34 euros (IVE excluído), que foron informados favorablemente en data 31 de marzo de 2020 polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

VI.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020 se acordou a a Aprobar o proxecto técnico e os costes asociados para a execución das obras de “Renovación da rede de abastecemento na rúa Filipinas – Vigo. Fase I”, cun presuposto de 63.331,95 Euros, IVE excluído e uns costes asociados de 2.6.58,34 €, (IVE excluído).

VII.- En data 30 de xuño de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 5.539/440



Concello de Vigo

- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 53.220,12 €
- Presuposto de contrata: 63.331,95 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 8 semanas
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: Zubía Ingenieros.
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Proyegal.

De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente **“RENOVACIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA FILIPINAS. FASE I”**, cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1034).-DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA FILIPINAS. FASE II”- OBRAS DO PLAN DE INVERSIÓN DE AQUALIA. EXPTE. 5539/440.

Dáse conta do informe-proposta do 23/11/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Inversións da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 15 de maio de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación consistente na “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia”; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 15 de maio de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia”.

IV.- Con data 21 de febreiro de 2020, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de “**RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA FILIPINAS FASE II**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Javier Zubía, que recolle unha actuación que pola súa ubicación e natureza queda comprendida dentro do alcance da encomenda para a “*Sustitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque – Ribadavia*”. Este proxecto ten un orzamento base de licitación de CINCUENTA E SETE MIL SETECENTOS TRINTA E CUATRO EUROS CON TRECE CENTIMOS (57.734,13), sen IVE de data Febreiro de 2020 e con sinatura dixital de 17/02/2020. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os costes asociados correspondentes ao proxecto de referencia (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 2.423,37 euros (IVE excluído), que foron informados favorablemente en data 31 de marzo de 2020 polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

VI.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2020 se acordou a a Aprobar o proxecto técnico e os costes asociados para a execución das obras de “Renovación da rede de abastecemento na rúa Filipinas – Vigo. Fase II”, cun presuposto de 57.734,13 Euros, IVE excluído e uns costes asociados de 2.423,37 €, (IVE excluído).

VII.- En data 18 de novembro Aqualia-FCC Vigo UTE presenta a documentación referida as características do contrato de obra, requirida no Acordo da Xunta de Goberno de data 8 de marzo de 2013, o que se fai referencia no Expositivo II. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 5.539/440
- Nome e razón social do adxudicatario: Sociedad Española de Aguas Filtradas, S.A.
- NIF: A28223741.
- Presuposto de execución material: 48.516,07 €
- Presuposto de contrata: 57.734,13 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 8 semanas
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se exige.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: Zubía Ingenieros.



Concello de Vigo

- Coordinación de Seguridade e Saúde: Proyegal.
De acordo co exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

1.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACIÓN DE REDE DE ABASTECIMIENTO NA RÚA FILIPINAS. FASE II**”, cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, que aproba o procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1035).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO”. EXPTE. 4256/443.

Visto o informe de fiscalización do 25/11/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos servizos xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 11.03.2019 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de humanización rúa Troncoso a favor da empresa Esinpro Ingeniería S.L (B36406536).

II.- Á vista da entrega da documentación presentada por parte do redactor do proxecto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 15.05.2019, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola na rúa Troncoso e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

➤ Procederase a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retira do bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.

➤ Una vez efectuada as demolicións procederase a efectuar a escavación de gabias para a renovación da rede de abastecemento a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 100 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas e elementos electrónicos de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento e unha execución de colectores de pluviais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. A continuación procederase ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes

soterrados de rede de rego, alumado público, e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, a conexión das redes coas edificacións existentes, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa.

- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederase a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor e acabado con baldosa de granito gris alba de 6 cmt., de espesor. Diferenciado o tipo de granito nas zonas de paso de peóns, así mesmo entre calzada e beirarrúa, colocarse o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Na zona de rodadura previo reposición de zona firmes nas gabias a base de formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuarase o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mezcla bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de alumado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario, semaforización e sinalización correspondente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (3) TRES meses.

IV.- O xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 24.11.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado. Existe nas inmediacións un elemento catalogado A_126, de grado estrutural, segundo se sinala no proxecto a actuación proposta non afecta nin o elemento en si nin a súa area de influencia, polo tanto de acordo coa ley 5/2016 e Instrución publicada no DOGA de data 5/12/2017, consellería de Cultura, non é necesaria ningún tipo de autorización o respecto ante dita consellería.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO



Concello de Vigo

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA TRONCOSO”, redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E DOUS MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS (362.458,03 EUROS), e con sinatura dixital de data 18 e 23 de novembro de 2020 respectivamente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1036).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE "CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIÓDOS E CEIP PINTOR LAXEIRO". EXPTE. 665/441.

Visto o informe de fiscalización do 30/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/11/2020, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 30.09.2020 por parte dos Enxeñeiros municipais elaborouse memoria técnica valorada de necesidades para o desenvolvemento de novas actuacións para cubrición dos patios dos CEIP Pintor Laxeiro e CEIP Balaídos no Concello de Vigo.

Segundo.- Con data 02.10.2020 o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a elaboración, solicitude e aprobación, de ser o caso, por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio de colaboración para a execución de actuacións de "CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIIDOS E CEIP PINTOR LAXEIRO".

Terceiro.- Con data 16.11.2020 a Técnico de Xestión, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímanse conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Cuarto.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 23.11.2020 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Deputación para a execución de actuacións de "CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIIDOS E CEIP PINTOR LAXEIRO".

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.



Concello de Vigo

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver a execución de actuacións de "CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIOS E CEIP PINTOR LAXEIRO".

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e

facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

III.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

No orzamento do ano 2020, aprobado polo Pleno Municipal figura crédito adecuado e suficiente para a anualidade do ano 2020 na aplicación orzamentaria 3230.622.00.05.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución de actuacións de "CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIOS E CEIP PINTOR LAXEIRO", transcrito como Anexo.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, SEISCENTOS DEZASEIS MIL EUROS (616.000 €), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo DEZASEIS MIL EUROS (16.000 €).

Para o seu financiamento, aplicaranse os créditos do orzamento do ano 2020, incluídos na aplicación orzamentaria 3230.622.00.05.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE "CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIOS E CEIP PINTOR LAXEIRO".

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra nos orzamentos do ano 2020 contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

III.- Que o Concello de Vigo, continuando coa súa política de mellora das infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, pretende desenvolver actuacións para cubrición de diversos patios nos CEIP do termo municipal de Vigo.

IV.- Que o artigo 25.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas e equipamentos dos concellos da provincia.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación e mellora das infraestruturas e equipamentos para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para desenvolver as actuacións de "CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIOS E CEIP PINTOR LAXEIRO".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido nos correspondentes proxectos técnicos que concretan as actuacións a realizar, que ten por obxecto definir e valorar sucintamente as actuacións co fin de executar correctamente as obras de "CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIOS E CEIP PINTOR LAXEIRO".

Asemade, o Concello de Vigo redactou e aprobou os proxectos das citadas actuacións:



Concello de Vigo

- “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO BALAÍDOS”, redactado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite cun orzamento base de licitación máis IVE de (397.485,15€), aprobado en XGL de data 19.09.2019 (Expte 4106-443).
- “CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP PINTOR LAXEIRO”, redactado polo Arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de (185.140,08 EUROS), aprobado en XGL de data 24.09.2020 (Expte 4238-443).

3.- Para o desenvolvemento do investimento proposto, e de acordo cos correspondentes proxectos técnicos aprobados en Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, faise a seguinte estimación para a execución das actuacións propostas:

CEIP BALAIDOS	
Orzamento Estimado Execución Material	276.050,52 €
Orzamento Estimado Execución por contrata	397.485,15 €
Custes estimados asociados á obra	22.514,85 €
Asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (aprox. 6,70% do PEM +IVE)	
ESTIMADO TOTAL CON IVE	420.000,00 €
CEIP PINTOR LAXEIRO	
Orzamento Estimado Execución Material	128.578,43 €
Orzamento Estimado Execución por contrata	185.140,08 €
Custes estimados asociados á obra	10.859,92 €
Asistencia técnica á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (aprox. 7% do PEM +IVE)	
ESTIMADO TOTAL CON IVE	196.000,00 €
TOTAL CONVENIO	616.000,00 €

Polo que considerando ditos importes para a licitación das obras, o custe estimado das actuacións ascende a un total de **616.000,00 € IVE incluído**.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de “SEISCENTOS DEZASEIS MIL EUROS” (616.000 €), e serán distribuídos entre ambas administración de acordo cos seguintes importes:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de SEISCENTOS MIL EUROS (600.000 euros).

O financiamento comprometido pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter de achega definitiva á execución do convenio, consonte á táboa que se inxire a continuación:

Investimento	Exercicio 2020	Total
CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIOS E CEIP PINTOR LAXEIRO	600.000,00 €	600.000,00 €

O pagamento do importe referido á anualidade 2020 se realizará contra a aplicación 20/942.9420.762.14 destinada ao financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar ate un máximo de DEZASEIS MIL EUROS (16.000 €), desagregados da forma seguinte:

Investimento	Exercicio 2020	Total
CUBRICIÓN DOS PATIOS DO CEIP BALAIOS E CEIP PINTOR LAXEIRO	16.000,00 €	16.000,00 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 3230.622.00.05.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante o ano 2020, de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo:

	Exercicio 2020	Total
Deputación de Pontevedra	600.000,00 €	600.000,00 €
Concello de Vigo	16.000,00 €	16.000,00 €
TOTAL CONVENIO	616.000,00 €	616.000,00 €

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución de ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á



Concello de Vigo

Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- Os proxectos técnicos aprobados polo Concello de Vigo e que se achegan ao presente convenio, determinan o ámbito de actuación do convenio.

3.- Licitados e formalizados os contrato de obras para a execución dos investimento aos que se refire o pacto primeiro, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial e comunicarse a ésta, data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

4.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia das actas dos actos de recepción e certificación das resolucións do órgano competente aprobatoria da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas.

5.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

6.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas nos proxectos técnicos aprobados, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- a) Contrato de adxudicación da obra.
- b) Acta de comprobación do replanteo.

- c) Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- d) Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- e) Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- f) Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- a) Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- b) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- c) Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DOS PROXECTOS

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación dos proxectos do investimento obxecto deste convenio.

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación dos proxectos derivada das necesidades de execución dos proxectos contratados e implique mais gasto será asumida polo Concello de Vigo, do cal dará conta a comisión de seguimento. Así mesmo as baixas producidas nas fases de licitación serán de aplicación á achega comprometida polo Concello de Vigo

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente e sempre dentro dos importes máximos a aportar por cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.



Concello de Vigo

Se finalmente, a execución das obras previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- a) Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista nos correspondentes proxectos técnicos.
- b) Licitara os correspondentes proxectos técnicos que conforman a actuación obxecto deste convenio.
- c) Executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos.
- d) Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- e) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- f) Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- g) Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- h) Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- i) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- j) Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- k) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- a) Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos

recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.

- b) Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 €.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.



Concello de Vigo

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- a) A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- b) A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- c) A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- d) A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- e) A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

- 4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICCIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

18(1037).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS JULIA MINGUILLÓN E VISTA ALEGRE". EXPTE. 684/441.

Visto o informe xurídico do 27/11/2020 e o informe de fiscalización do 30/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 27/11/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado de Fomento, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 06.03.2019 resolveu autorizar o



Concello de Vigo

gasto e o contrato para redacción do proxecto de humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre, a favor da empresa Ingenia Proyectos Técnicos, SL.

II.- A empresa Ingenia Proyectos Técnicos, SL presenta proxecto de “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS JULIA MINGUILLÓN E VISTA ALEGRE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.070.668,74 €.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 28.09.2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 02.10.2020 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DAS RÚAS JULIA MINGUILLÓN E VISTA ALEGRE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SETENTA MIL SEISCENTOS SESENTA E OITO EUROS con SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.070.668,74 €), e sinatura dixital de datas 25 e 28 de setembro de 2020 (expte.4252-443).

IV.- O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 12 de novembro de 2020, aprobou inicialmente o expediente núm. 680/441, aprobación inicial da modificación orzamentaria nº63/2020 – crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais . Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.88 “Human. Julián Minguillón e Vista Alegre”, cun importe de 1.070.668,74 euros.

V.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 02.10.2020 que se corresponde co expediente administrativo 4252-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, Dña. T María Ferreiro Núñez con sinatura dixital de datas 25 e 28 de setembro.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnico de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 15 de outubro de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 15 de outubro de 2020.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 29 de outubro de 2020.
- E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 20 de novembro de 2020.
- F) Informe favorable asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 24 de novembro de 2020, sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 25 de novembro de 2020.

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 26 de novembro de 2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 26 de novembro de 2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.09.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- En canto a tramitación anticipada de expedientes de contratación para as Entidades Locais, o apartado 2º da Disposición adicional terceira da LCSP establece que poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Por tanto, desde a entrada en vigor da LCSP, e coas condicións que determina a Disposición adicional terceira da mencionada norma, as Corporacións Locais están habilitadas para utilizar a figura da contratación anticipada.

Quinto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).



Concello de Vigo

Sexto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DAS RÚAS JULIA MINGUILLÓN E VISTA ALEGRE" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.070.668,74 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 26.11.2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SETENTA MIL SEISCENTOS SESENTA E OITO EUROS con SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.070.668,74 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 185.818,54€.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.88 "Human. Julián Minguillón e Vista Alegre", provinte da modificación orzamentaria nº 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta:

2020	1.070.668,74 €
------	----------------

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1038).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "MELLORA DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO, LOTE 1 VIGO NORTE, LOTE 2 VIGO LESTE, E LOTE 3 VIGO SUR": EXPTE. 667/441.

Visto o informe xurídico do 27/11/2020 e o informe de fiscalización do 30/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 26/11/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 1532 a aplicación orzamentaria 1532.210.00.05 (PROGRAMA DE ASFALTADO, COFINACIAMENTO DEPUTACIÓN)

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase os expedientes nº 4801/443, 4802/443, 4803/443, 4804/443, 4805/443, 4806/443, 4807/443, 4808/443, 4809/443, 4810/443, 4811/443, 4812/443, 4813/443, 4814/443, 4815/443, 4816/443, 4817/443, 4818/443, 4819/443, 4820/443 e 4821/443, correspondentes aos proxectos de obras, aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08/10/2020 de cuxa execución se trata. Nos devanditos proxectos de obras figuran, como integrantes dos mesmos, os pregos de prescricións técnicas particulares da execución das obras.

3º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

A) Os proxectos obxectos dos expedientes aprobados pola XGL en sesión de data 08/10/2020 que se corresponde cos expedientes administrativos 4801/443, 4802/443, 4803/443, 4804/443, 4805/443, 4806/443, 4807/443, 4808/443, 4809/443, 4810/443, 4811/443, 4812/443, 4813/443, 4814/443, 4815/443, 4816/443, 4817/443, 4818/443, 4819/443, 4820/443 e 4821/443, e que inclúen os Pregos de Prescricións Técnicas redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira, cos orzamentos base de licitación que se detallan na táboa seguinte.

EXPEDIEN TE	PROXECTO	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
4813/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA SARABIO – LAVADORES	29.924,86 €
4814/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: CAMIÑO NOIANA - LAVADORES	42.350,23 €
4801/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA PENÍS DE ABAIXO - CABRAL	110.946,62 €
4815/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA AGUADIÑA - SAMPAIO	29.776,38 €



Concello de Vigo

4802/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA AREEIRO - SAMPAIO	93.154,78 €
4803/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA VISTA DO MAR - SAN XOAN	109.050,60 €
4816/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA COUTADAS - SALGUEIRA	43.993,18 €
4804/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA ÁBADE JUAN DE BASTOS - MATAMA	51.232,13 €
4817/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: SUBIDA RELFAS - SARDOMA	30.089,88 €
4805/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: ESTRADA FRAGOSIÑO - SARDOMA	70.428,86 €
4818/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA RELFAS - BEADE	47.200,79 €
4806/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA EIFONSO – BEMBRIVE	85.141,25 €
4807/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA COSTA DA GÁNDARA - BEADE	60.894,99 €
4808/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA POULEIRA - BEADE	54.109,98 €
4809/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: ESTRADA FOXO - VALADARES	70.530,49 €
4819/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: CAMIÑO QUINTA - VALADARES	36.981,87 €
4810/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: CAMIÑO PINAL - VALADARES	61.946,95 €
4811/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: CAMIÑO SIMONA - VALADARES	113.665,63 €
4820/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: RÚA VIÑA GRANDE - ALCABRE	36.581,55 €
4821/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: CAMIÑO POMBA - VALADARES	27.575,46 €
4812/443	MELLORAS DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL: ESTRADA CIDÁNS - ZAMÁNS	94.423,52 €

- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de datas 08/10/2020 e 09/10/2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 09/10/2020 e 13/10/2020.
- D) Acta de replanteo dos correspondentes proxectos asinada polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas dos proxectos en data 16/10/2020.
- E) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13/10/2020.
- F) Certificados de crédito RC nº 202000060583 asinado polo Director Superior Contable.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 19/10/2020.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 29/10/2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación en data 03/11/2020.
- J) Formalización convenio Concello Vigo-Deputación Provincial
- K) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación en data 26/11/2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a



Concello de Vigo

adequación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de datas 30/09/2020 e 01/10/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de **"MELLORAS DO FIRME EN DISTINTOS VIAIS NO CONCELLO DE VIGO: LOTE 1 VIGO NORTE, LOTE 2 VIGO LESTE, e LOTE 3 VIGO SUR"**, redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira cun orzamento base de licitación máis IVE de **UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.300.000,00 €)**.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 26/11/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.300.000,00 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 225.619,84 €, e sendo o reparto por lotes o seguinte:

- **Lote 1 Vigo Norte:** CATROCENTOS QUINCE MIL DOUSCENTOS TRES EUROS E CORENTA E SETE CÉNTIMOS (415.203,47 €), cun IVE de 72.060,11 €.
- **Lote 2 Vigo Leste:** CATROCENTOS CORENTA E TRES MIL NOVENTA E UN EUROS E SEIS CÉNTIMOS (443.091,06 €), cun IVE de 76.900,10 €.
- **Lote 3 Vigo Sur:** CATROCENTOS CORENTA E UN MIL SETECENTOS CINCO EUROS E CORENTA E SETE CÉNTIMOS (441.705,47 €), cun IVE de 76.659,63 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.210.00.05 (PROGRAMA DE ASFALTADO, COFINACIAMENTO DEPUTACIÓN), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	1.300.000,00 €
------	----------------

TOTAL	1.300.000,00 €
-------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1039).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE EQUIPOS E MATERIAIS AUXILIARES DE OBRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXP-TE. 81514/250.

Visto o informe xurídico do 25/11/2020 e informe de fiscalización do 27/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 25/11/2020, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o responsable do contrato e xefe de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos servizos xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 15/11/2018, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a BAYGAR, S.L. (C.I.F. B12019659) o contrato de subministro na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81514-250) por procedemento aberto simplificado e por un prezo total de SESENTA E UN MIL CINCOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E CORENTA E TRES CÉNTIMOS (61.568,43 €) sendo a cota correspondente ao IVE de 10.685,43 €, cunha porcentaxe de desconto de 5% a aplicar tanto aos prezos unitarios relacionados no anexo do PPT como aos produtos ou materiais non previstos nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 07/12/2018, consta na Cláusula Cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 08/12/2018.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de



Concello de Vigo

duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de unha prórroga cunha duración dun ano.

Cuarto.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben a proposición de prórroga do contrato de subministro na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras por un período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 08/12/2020 ao 07/12/2021, sendo que o prezo anual ascende a un total de TRINTA MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS E VINTE E DOUS CÉNTIMOS (30.784,22 €) máis IVE, sendo a cota correspondente ao IVE de CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (5.342,72 €).

Sétimo.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.203.00.00 "Aluguer de maquinaria", segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 01/01/2021 e o 07/12/2021: **30.784,22 €.**

A concentración de todo o orzamento no ano 2021 xustifícase no feito de que pese a necesidade de levar a cabo a prórroga do contrato e de que a mesma comezaría en data 08/12/2020, as necesidades de subministros obxecto do mesmo, no período comprendido entre o 08/12/2020 e o 31/12/2020 están cubertas con medios propios dos que dispón o servizo.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81514-250), formalizado coa entidade mercantil BAYGAR, S.L. polo período comprendido desde o 08/12/2020 ata o 07/12/2021.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato de subministro na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81514-250) a favor da entidade mercantil BAYGAR, S.L. (C.I.F. B12019659) por importe de TRINTA MIL SETECENTOS OITENTA E CATRO EUROS E VINTE E DOUS CÉNTIMOS (30.784,22 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (5.342,72 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.203.00.00 "Aluguer de maquinaria", segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 01/01/2021 e o 07/12/2021: **30.784,22 €.**

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria BAYGAR, S.L. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1040).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez